

PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA XUNTA DE GALICIA

INTRODUCCIÓN.....	3
1. CARACTERIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN. DIAGNOSE DE SITUACIÓN.....	6
1.1. Misión, visión e valores	6
1.2. Organización e funcionamento da administración autonómica	11
1.2.1. Organización.....	11
1.2.2. Recursos humanos da administración autonómica.....	12
1.2.3. Recursos Económicos.....	13
1.2.4. Marco normativo	13
1.2.4.1 Normativa europea e estatal.....	13
1.2.4.2. Normativa autonómica.....	16
1.2.4.3. Acordos do Consello da Xunta relativos á integridade institucional.....	18
1.3. As medidas do “ciclo da fraude”	19
1.3.1. Medidas de prevención:.....	19
1.3.2. Medidas de detección:.....	20
1.3.3. Medidas de Corrección.....	21
1.3.4. Medidas de Persecución	21
1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos	23
1.4.1. O Consello da Xunta	23
1.4.2 As consellerías, os centros directivos e as entidades instrumentais.	24
1.4.2.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.....	24
1.4.2.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos nas consellerías, centros directivos e entidades instrumentais.....	25
1.4.3. Órganos transversais implicados na integridade.....	25
1.4.3.1. Asesoría Xurídica Xeral	25
1.4.3.2. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.....	26
1.4.3.3. Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.....	27
1.4.3.4. Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos	28
1.4.3.5. Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.....	28
1.4.3.6. Instrucións conxuntas en desenvolvemento do Plan xeral.....	29
2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL	30
2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética pública e coas medidas antifraude.....	30
Acción 2.1.1. A adopción dunha declaración institucional de compromiso coa cultura da integridade.	30

Acción 2.1.2. A manifestación expresa dos responsables públicos	30
Acción 2.1.3. As referencias á integridade na planificación estratéxica.....	31
Acción 2.1.4. A difusión e a formación en materia de integridade institucional.....	31
2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.	32
Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses	32
Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para altos cargos nos supostos de actuacións financiadas có PRTR.	35
Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas co Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.....	36
2.3. Medidas referidas á canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude	37
Acción 2.3.1. Habilitación daa canle de denuncias.....	37
Acción 2.3.2. Investigación das denuncias.....	38
Acción 2.3.3. Tratamento das denuncias.....	38
Acción 2.3.4. O Comité de Ética	39
2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos	40
Acción 2.4.1. Formación específica nos centros directivos que xestionen fondos PRTR.....	40
3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE ...	41
3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.	41
Acción 3.1.1. Definición de risco e diagnóstico xeral da organización.....	41
Acción 3.1.2. Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización.	43
3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro directivo e entidade instrumental.....	47
Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco	47
Acción 3.2.2. Aprobación do plan de prevención de riscos e medidas antifraude de cada centro directivo e entidade instrumental.....	49
Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR.....	50
Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de “bandeiras vermellas”	51
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.....	54
4.1. Seguimento, supervisión e avaliación	54
4.2. Actualización e revisión	55
4.3. Comunicación e difusión.....	55

INTRODUCCIÓN

O presente Plan configúrase como un instrumento do sector público autonómico galego que ten por finalidade a xestión e avaliación dos riscos de xestión, incluída a fraude, para dar soporte aos procesos de planificación, toma de decisións e execución das actividades que realiza a administración autonómica e como tal pode servir de guía para os plans de prevención de risco que se adopten na comunidade autónoma previstos no Programa Marco de Integridade Institucional aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 26 de maio de 2021.

Con independencia de que os mecanismos e medidas que se detallan se poidan aplicar na súa meirande parte á totalidade dos recursos e fondos que utilizan o conxunto dos xestores, as medidas do presente plan diríxense prioritariamente a atender as obrigas da xestión das actuacións que son financiadas mediante os Fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU aprobados polo Consejo de Europa o 21 de xullo de 2020 e, particularmente polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) desenvolvido mediante o Plan Nacional de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) aprobado polo Consejo de Ministros o 27 de abril de 2021 e ratificado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

Do mesmo xeito e en tanto non se aproben os desenvolvementos normativos no novo Marco Operativo, este plan poderá utilizarse inicialmente para a xestión dos ditos fondos sempre que non estea en contradición coa súa normativa reguladora.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, plan xeral de prevención) ten por obxecto acadar un modelo de organización pública orientada ao cumprimento dos principios de responsabilidade, transparencia, optimización dos recursos, integridade institucional e medidas antifraude para unha boa xestión dos recursos públicos, en especial aqueles derivados do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

O plan xeral de prevención enmárcase dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 do 26 de maio de 2021 e nos principios de xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

Son de aplicación directa ao presente Plan as seguintes normas e programas:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).
- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral de Unión (Regulamento Financeiro)
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (Orde HFP/1030/2021).
- Programa Marco de Integridade Institucional aprobado por Acordo do Consello da Xunta do 26 de maio de 2021.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización del sector público autonómico.
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

PROCESO DE IMPLANTACIÓN DO PLAN

O plan recolle unha análise dos principais riscos de xestión detectados, que afectan a toda a organización, e unha serie de medidas de minimización dos devanditos riscos, que resultan aplicables de xeito inmediato a todos os órganos e entidades que conforman a administración xeral e o sector público autonómico.

Porén, unha correcta metodoloxía esixe que en cada órgano e entidade se proceda a realizar unha axeitada e individualizada análise dos riscos en función da súa actividade,

polo que este plan debe completarse con plans específicos de prevención de riscos de xestión de cada un deles, que serán aprobados pola persoa titular da consellería correspondente.

Para os efectos deste plan identificaranse como centro directivo todas as secretarías xerais, secretarías xerais técnicas e direccións xerais ou equivalentes que forman parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A urxencia derivada da Orde HFP/1030/2021 fai necesario articular un sistema de fases para a aprobación dos distintos plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude de acordo co seguinte calendario:

Fase	Departamentos afectados	Cronograma
1ª	Aqueles centros directivos e entidades instrumentais que xestionen proxectos financiados con recursos procedentes do PRTR	Aprobación antes do 30 de decembro de 2021
2ª	Restantes centros directivos e entidades instrumentais da Xunta de Galicia	Aprobación en función da planificación temporal prevista no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024

1. CARACTERIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e valores

Galicia constituíuse en Comunidade Autónoma para acceder ao autogoberno en 1981, de conformidade coa Constitución Española e co Estatuto de Autonomía, que é a súa norma institucional básica, e a través da cal se asumiron funcións e competencias en diversas materias, optando a nosa Comunidade Autónoma por asumir o máximo teito competencial e a xestión dos distintos servizos públicos no seu territorio.

A Xunta de Galicia configúrase como o órgano colexiado de goberno de Galicia, dende a dobre perspectiva de órgano de dirección política e de organización administrativa, con funcións executivas de carácter administrativo, a través da que se fai efectiva a prestación dos servizos públicos para a cidadanía.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é o nome que recibe a persoa xurídica pública na que se integra a Xunta de Galicia e que, baixo a dirección desta, ten por finalidade servir con obxectividade os intereses xerais da Comunidade Autónoma, e garantir o acceso da cidadanía a uns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade da Xunta de Galicia.

Ademais destes principios inspiradores da actuación da Xunta de Galicia, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece que a organización e a actividade da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico responden ao principio de división funcional. Na súa organización observanse os seguintes principios:

- a) Xerarquía.
- b) Descentralización.
- c) Desconcentración.
- d) Coordinación.
- e) Eficacia e eficiencia.
- f) Simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade á cidadanía.

No ano 2015, por acordo do Consello da Xunta do 27 de xaneiro, aprobouse o Programa de Impulso Democrático que tiña como finalidade:

- Incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública, a través de obrigas de publicidade activa na Administración xeral e nas entidades instrumentais do sector público autonómico.
- Recoñecer e garantir o acceso á información, regulado como un dereito, e ampliando os contidos de publicidade activa.
- Regular os gobernos en funcións.
- Establecer as obrigas do bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento.
- Establecer un réxime de conflitos de interese

Este Programa supuxo a aprobación de cinco leis e 50 medidas no eido da participación cidadá e dos partidos políticos, con medidas de control externo e medidas no ámbito interno do propio goberno e da propia Administración. Entre as leis aprobadas debe destacarse:

- A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, para dotar a este órgano de control externo de facultades en materia de prevención da corrupción, creando no seu seo unha sección encargada de impulsar plans de prevención de riscos da corrupción e colaborar coas administracións galegas na elaboración de normas internas sobre prevención deses riscos.

- A Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, texto que modifica e dá maior transparencia á financiación de partidos políticos.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que ademais de incrementar as obrigas de publicidade activa, aumentou as obrigas de transparencia dos altos cargos, coa obriga de publicar os datos patrimoniais tanto no momento de tomar posesión no cargo como no momento de cesar, así como de facer pública a súa actividade privada nos dous anos previos ao seu nomeamento e nos dous anos posteriores ao seu cesamento e introduciu a regulación dos conflitos de intereses.

Precisamente segundo a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os principios sobre os que debe de interpretarse a norma legal figuran os principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

Completando o marco normativo derivado do Plan de Impulso democrático, e como clara manifestación de vontade do compromiso de boa xestión, o 16 de novembro de 2018 asinouse un protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia. O dito protocolo ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente entre as institucións asinantes coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

O criterios de integridade e ética pública no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional o 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

No últimos corenta anos a administración galega foi quen de ir avanzando e conformándose nunha administración moderna que tenta responder cos máximos estándares de calidade á prestación dos servizos públicos que xestiona.

Resulta obvio que a estabilidade política dun territorio garante unha mellor prestación dos servizos públicos, e dende esa perspectiva a Xunta de Galicia pode configurarse como un goberno experimentado que leva máis de 12 anos xestionando os servizos públicos con continuidade e co obxectivo de mellorar a acción pública que se desenvolve cara a cidadanía.

Diversos organismos de control teñen cualificado a elevada variabilidade temporal dos altos cargos como un risco da organización. A estabilidade política en termos de integridade, ética pública e ausencia de fraude tamén esta avaliada por unha continuidade no tempo de boa parte dos directivos públicos, e que, a maiores, ao longo dun período dilatado, non se viron involucrados en escándalos que afectasen a reputación da administración. Os escasos sucesos que afectaron a imaxe pública da comunidade autónoma polo comportamento dos seus altos cargos foron atallados dende o primeiro momento con cesamentos no ámbito das responsabilidades na administración pública ou nos cargos de carácter político no partido que ostenta a maioría parlamentaria que sustenta ao goberno, e na meirande parte dos casos eses presuntos incidentes de comportamentos contrarios á ética pública remataron con pronunciamento xudiciais de absolución dos presuntos cargos.

Sen dúbida, o transcorrer dun tempo alongado sen que se teñan producido comportamentos contrarios a integridade e ética pública, unido á longa traxectoria profesional de moitos dos altos cargos que dirixen a administración e que, polo tanto, incorporan a experiencia e a ausencia de conflitos no seu desempeño, constitúen alicerces importantes nunha xestión pasada, presente e futura afastada da fraude e sustentada na integridade e no desempeño ético.

O actuar da administración autonómica tamén ven sendo avaliado positivamente por axentes externos á propia administración.

Así, tanto as auditorías da Unión Europea como o seguimento do actual e dos anteriores programas operativos presentan baixos indicios de irregularidades e incidencias e un elevado grao de cumprimento na execución.

O informe elaborado polo Consello de Contas, verifica no ano 2019 cando elabora o “Diagnóstico dos sistema de control interno e estranxeira de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral” as seguintes valoracións:

“3.3. Adiantándose ás conclusións deste estudo, esta valoración global pon de manifesto que na Administración autonómica existen medidas e realizáronse accións e esforzos propios dun sistema de integridade institucional, como serían a normativa sobre transparencia e bo goberno, incompatibilidades de altos cargos, a aprobación dun código ético institucional, a esixencia de adhesión de altos cargos, unha comisión de avaliación do código ético, ou un control económico financeiro de conformidade coas disposicións establecidas na normativa aplicable, pero que estas accións illadas necesitan dun impulso para constituír un sistema consolidado, integrado cos procesos institucionais e suxeito a autoavaliación e mellora continua”.

En coherencia co anterior a conclusión global á que chega o Consello de Contas é a seguinte:

“3.43.1. En termos xerais, a valoración global dos sistemas de control interno pon de manifesto que na Administración autonómica existen medidas e realizáronse accións e esforzos propios dun sistema de control interno e integridade institucional, pero que estas accións necesitan dun impulso para constituír un sistema consolidado, integrado cos procesos institucionais e suxeito a autoavaliación e mellora continua.”

Como resultado deste traballo o Consello de Contas recomenda varias accións entre as que destaca en primeiro lugar:

“5.1 Recoméndase aprobar un programa de integridade institucional e prevención de riscos que articule os elementos de política de integridade ou infraestrutura ética (código ético e de conduta, comité de ética, canles de denuncias) e de xestión de

riscos (órganos e plans de prevención de riscos de xestión) e dote dunha armazón común a todos os centros da Administración e as súas entidades dependentes para o desenvolvemento deses plans.”

Resultado desa recomendación e froito do traballo realizado na administración autonómica apróbase o 26 de maio de 2021 o Programa Marco de Integridade Institucional ao que se fixo referencia.

1.2. Organización e funcionamento da administración autonómica

1.2.1. Organización

O sector público autonómico está integrado pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dependentes dela ou doutras entidades respecto das cales a Administración exerce xuridicamente unha posición de dominio.

A organización da Xunta de Galicia na actualidade establécese ao máximo nivel no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no que se identifican as seguintes vicepresidencias e consellerías, atendendo ao principio de división material de competencias:

- Presidencia da Xunta
- Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
- Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Consellería de Emprego e Igualdade.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Política Social.
- Consellería do Medio Rural.
- Consellería do Mar.

O seguinte nivel de estrutura ven determinado nas seguintes normas:

- Decreto 129/2020, do 17 de setembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

Cada un deses órganos ten o seu decreto de estrutura orgánica aprobado ou actualizado, na meirande parte dos casos, no ano 2021.

Neste paquete normativo quedan previstas as correspondentes adscricións de órganos superiores, órganos de dirección e entidades instrumentais, en función das súas competencias materiais.

O computo de órganos superiores e de dirección ascende a 72 (Consellerías, secretarías xerais, secretarías xerais técnicas e direccións xerais) e 32 entidades instrumentais (excluídas as fundacións e as sociedades mercantís).

1.2.2. Recursos humanos da administración autonómica.

Á data de aprobación deste plan os recursos humanos do conxunto da organización están constituídos polos seguintes efectivos:

Administración xeral e entes instrumentais	Docencia non universitaria	Sanidade	Xustiza	Total
15.954	31.170	37.170	2.893	89.744

Con respecto á distinción de xénero, o 71,4 por cento do persoal son mulleres e o 29,6 por cento son homes.

Existe ademais unha presenza equilibrada entre homes e mulleres nos postos directivos.

1.2.3. Recursos Económicos.

No ano 2021 o orzamento consolidado da comunidade autónoma ascende a 13.396 millóns e euros.

Galicia presenta a mellor posición (xunto con Estremadura) na opinión sobre a transparencia fiscal das administracións públicas, segundo o informe de opinión da Autoridade Independente de Responsabilidad Fiscal en abril de 2021.

O proxecto de orzamentos para o ano 2022 foi cualificado positivamente pola Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIREF) e presenta un déficit público inferior á media do subsector autonómico.

1.2.4. Marco normativo

De conformidade coa normativa europea en materia aintifraude os elementos básicos, e que ademais se constitúen en obrigatorios para os xestores de fondos do PRTR, son unha avaliación de risco de fraude, cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar os conflitos de intereses.

A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, establece que a elección das medidas de prevención e detección quedan a xuízo do órgano xestor.

Con respecto ao marco normativo cabe facer referencia aos bloques derivados da normativa estatal de aplicación en Galicia e a normativa propiamente autonómica.

1.2.4.1 Normativa europea e estatal

O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establece

no seu artigo 22 que "ao executar o Mecanismo, os Estados membros, na súa condición de beneficiarios ou prestatarios de fondos no marco do Mecanismo, adoptarán todas as medidas adecuadas para protexer os intereses financeiros da Unión e para velar que a utilización dos fondos en relación coas medidas financiadas polo Mecanismo se axusten ao dereito aplicable da Unión e ao nacional, en particular no que se refire á prevención, detección a corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A tal efecto, os Estados membros establecerán un sistema de control interno eficaz e eficiente e recuperarán os importes abonados erroneamente ou utilizados de modo incorrecto".

A Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consejo, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión a través do dereito penal, que establece as normas mínimas relativas á definición das infraccións penais e das sancións relativas á loita contra a fraude e outras actividades ilegais que afectan aos intereses financeiros da Unión e que realiza a definición legal de corrupción activa e pasiva para os efectos da propia directiva.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público: A transposición da normativa comunitaria incrementa os elementos de publicidade, transparencia e concorrência na contratación pública e introduce elementos que son propios da loita contra a fraude como a regulación das prohibicións de contratación e os conflitos de interese. Introduce adicionalmente o artigo 64, especificamente dedicado á loita contra a corrupción e a prevención e detección de conflitos de interese que poidan influír negativamente na transparencia do procedemento e na igualdade de trato dos licitadores.

O artigo 332 crea a Oficina Independiente de Regulación y Supervisión de la Contratación, como órgano que debe centralizar a información e difundir as boas praxes na contratación.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece a obrigatoriedade da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) como ferramenta que garante a publicidade e transparencia no procesos de concesión de axudas e como elemento de loita contra a fraude e o dobre financiamento.

Regula tamén o Servicio Nacional de coordinación Antifraude configurado como órgano encargado de coordinar as accións encamiñadas a protexer os intereses financeiros da Unión Europea contra a fraude en colaboración coa Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF). Correspóndelle as seguintes funcións:

a) Dirixir a creación e posta en marcha das estratexias nacionais e promover os cambios legislativos e administrativos necesarios para protexer os intereses financeiros da Unión Europea, b) identificar as posibles deficiencias dos sistemas nacionais para a xestión de fondos da Unión Europea, c) establecer as canles de coordinación e información sobre irregularidades e sospeitas de fraude entre as diferentes institucións nacionais e a OLAF, e d) promover a formación para a prevención e loita contra a fraude.

O Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia: regula o funcionamento e intervención das Administracións Públicas nos obxectivos vinculados aos proxectos asignados no PRTR e os principios de axilidade, celeridade, simplicidade e claridade nos procedementos, procesos e execución de tarefas. Determina os mecanismos de gobernanza do PRTR e asigna ao Ministerio de Facenda (Secretaría Xeral de Fondos Europeos) a función de actuar como autoridade responsable ante as institucións europeas e a Intervención Xeral da Administración do Estado as funcións de autoridade de control que exercerá a supervisión do expedientes mediante a fiscalización previa de todos os actos..

A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, que é de aplicación a todo o sector público, desenvolve un sistema de xestión orientado a definir, planificar, executar, seguir e controlar os proxectos e subproxectos nos que se descompoñen as medidas (reformas/investmentos) previstas nas compoñentes do PRTR.

Dedica o seu artigo 6 e varios dos seus anexos ao reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese.

1.2.4.2. Normativa autonómica

A **Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia** e o seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A lei regula as causas de reintegro, incluídas aquelas susceptibles de ser cualificadas como fraude, e o réxime de infraccións e sancións administrativas.

A **Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia**, que ten por finalidade conseguir unha maior racionalización e axilización administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados á cidadanía por parte da Administración xeral da Xunta e as súas entidades instrumentais regulando os seus principios reitores, a organización e o réxime xurídico.

A **Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico**, que inclúe, entre outros mecanismos para optimizar los recursos públicos e a eficacia e eficiencia na xestión, un título específico dedicado á racionalización e redución de custos na contratación do sector público (contratación eficiente e centralizada, contratación electrónica, contratación transparente e que fomente a competencia, contratación accesible ás PEMES, contratación responsable, etc).

A **Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración**, que ten por obxecto garantir á cidadanía a prestación de servizos públicos de calidade, así como una administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade e obxectividade, en particular a través de mecanismos como unha canle de queixas e suxestións ou cartas de servizos.

A **Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia**, que establece como principios xerais de actuación dos empregados públicos os de legalidade, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do contorno cultural e ambiental e respecto á igualdade

entre mulleres e homes. Ademais, o artigo 74 establece un completo código de conduta con diversas obrigas, entre as que destaca a de exercer as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público, absténdose non so de condutas contrarias a el, senón de calquera outra que comprometa a neutralidade no exercicio dos servizos públicos como aqueles nos que teña un interese persoal, así como absterse de toda actividade privada ou interese que poida supoñer un risco de xerar conflitos de interese co seu posto público.

A **Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**, que ten un dobre obxecto: por un lado regular a transparencia e publicidade activa da actividade pública; e por outro, establecer o réxime xurídico das obrigas de bo goberno que se deben de cumprir polo sector público autonómico, así como as persoas que ocupen altos cargos, incluíndo o seu réxime de incompatibilidades, de conflito de intereses e de control do seus bens patrimoniais. Esta lei, en palabras do Consello de Contas “prestou unha adecuada atención á xestión dos conflitos de intereses dos altos cargos, co establecemento de políticas e procedementos para o seu control. Ao servizo do control destes conflitos de intereses régúlase na lei o réxime de actividades e incompatibilidades, o deber de abstención, as limitacións de actividades posteriores ao cesamento, as declaracións e rexistro de actividades e bens patrimoniais; publicar, dentro da información institucional, as axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e das persoas que ocupen altos cargos e, no Código ético, a prohibición de regalos ou dádivas. Existe tamén unha unidade –Oficina de boas prácticas e incompatibilidades– encargada de xestionar o réxime de incompatibilidades e conflitos de intereses dos altos cargos e coñecer das denuncias por posibles incumprimentos”.

A **Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público**, que lle atribúe á Asesoría Xurídica Xeral competencias sobre a elaboración, o informe e o cumprimento dos plans de prevención de riscos de corrupción.

A **Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas**, encomendoulle a esta Institución a competencia de colaborar coas entidades do sector público na elaboración de instrumentos internos de xestión de riscos, no deseño e implantación dos sistemas de prevención da corrupción, e na avaliación de xeito sistemático dos plans de prevención de riscos da que se adopten.

De cara a ese obxectivo da promoción da integridade, o Consello de Contas asume un papel proactivo de impulso e proposta ás entidades públicas con competencias diferentes da fiscalización, e de carácter eminentemente preventivo, sen facultades de investigación nin represión, que busca como resposta integral e documentada a elaboración de programas e plans de prevención da corrupción nas entidades públicas.

1.2.4.3. Acordos do Consello da Xunta relativos á integridade institucional

Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de xullo de 2014, que contén os principios básicos de conduta aos que deben someterse os altos cargos e empregados públicos e introduce a dimensión ética no desempeño da actividade administrativa dos seus destinatarios, con obrigas como a da defensa da dignidade da administración autonómica, a imparcialidade e obxectividade no exercicio dos cargos, a obriga ter en conta criterios de proporcionalidade nas viaxes realizadas ou da axenda pública ou a prohibición expresa de regalos e dádivas cun réxime específico de declaración dos regalos que se configuran como mostras de cortesía social ou atención meramente protocolarias, incide no uso responsable dos medios e recursos públicos e regula un réxime de incompatibilidades e conflito de intereses.

Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector públicos autonómico de Galicia 2021-2023 aprobado polo Consello da Xunta o 4 de marzo de 2021. Introduce o elemento ético na planificación da Xunta e a obriga de aprobar un programa de ética institucional e avanzar no proceso de aprobación dos plans de riscos de xestión.

Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión 2021/2024 aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 26 de maio de 2021, que recolle a través de 6 eixos (Cultura institucional, Ética institucional, Recursos Humanos e compromiso coa competencia profesional, Plans de prevencións de riscos de xestión, Consolidación da administración dixital e Calidade normativa) un total de 24 medidas, das que boa parte se integraran neste plan antifraude.

1.3. As medidas do “ciclo da fraude”

O modelo de plan de antifraude debe de ter en conta as accións a acometer no “ciclo antifraude” que se concretan en medidas de prevención, detección, corrección e persecución.

Estas medidas son o requirimento mínimo establecido tanto pola Orde HFP 1030/2021 como polos estándares definidos na normativa europea e son desenvoltas a nivel de toda a organización e de cada centro directivo e entidade instrumental nos seguintes eixos deste plan.

1.3.1. Medidas de prevención:

- a) Adoptar a declaración institucional prevista no anexo 1 do presente plan como vía para formalizar o compromiso do goberno galego coas políticas de integridade
- b) Incorporar nos plans que aprobe a Xunta as declaracións sobre a integridade no marco sectorial concreto do plan.
- c) Regulación, de conformidade coa normativa básica estatal ou do desenvolvemento autonómico, dos grupos de interese que teñan como finalidade influír profesionalmente en políticas públicas e creación dun rexistro de grupos de interese.
- d) Divulgar a cultura da integridade na organización.
- e) Formación dos directivos públicos e dos restantes empregados públicos e concienciación específica nos responsables de transparencia e dos responsables de xestión de fondos.

- f) Modificación, de ser o caso, do código ético con especial atención ao reforzo do compromiso dos altos cargos coa política de integridade e contra a fraude.
- g) Establecemento e implantación de medidas que regulen as declaracións de ausencia de conflitos de interese nos procedementos nos que se utilicen fondos e se regulen os supostos nos que actuar cando se denuncia ou detecta un conflito.
- h) Establecer un catálogo de riscos xerais en materia de subvencións e contratación e das medidas (ou controis atenuantes recomendados).
- i) Establecer un catálogo de bandeiras vermellas para o seguimento dos plans singulares de prevención de cada centro directivo e entidade instrumental.

1.3.2. Medidas de detección:

- a) Habilitación dunha canle de denuncias, prevista no presente plan, que protexa a aquelas persoas que presenten denuncias relativas ao incumprimento da política de integridade corporativa. Crearase unha Comisión formada por persoas expertas no ámbito da integridade, de recoñecido prestixio, e que actuarán de xeito independente, prestando asesoramento na xestión das denuncias presentadas.
- b) Proposta de aprobación por cada centro directivo e entidade instrumental, dun plan de riscos que avalíe os indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude. O plan de xestión de riscos e medidas antifraude de cada centro directivo e entidade instrumental incorporará os que están configurados como xerais no presente plan e os propios que poida afectarlle en particular.
- c) Aprobación dun modelo de plan e mapa de riscos que sexa utilizable e que facilite a concreción da avaliación para cada entidade.
- d) Exame dos riscos potenciais nas áreas con maior probabilidade de riscos de conformidade cos catálogos de riscos e medidas aprobados no documento técnico "Catálogo de riscos por área de actividade" aprobado polo Consello de Contas.
- e) Estender nos modelos de bases de subvencións, e nos modelos de pregos de cláusulas administrativas de contratación, a inclusión de medidas antifraude que permitan previr ou detectar situacións de riscos.

f) Establecemento de ferramentas informáticas de prospección e puntuación de eventuais riscos por parte dos órganos encargados de realizar controis e auditorías dos fondos.

1.3.3. Medidas de Corrección

- a) Modificación do plan xeral ou plans específicos de prevención e medidas antifraude en función dos feitos ou incidentes detectados polas auditorías.
- b) A entidade afectada por un eventual incidente de fraude deberá avaliar a incidencia e a cualificación da fraude como sistémica o puntual e, de ser o caso, retirar os proxectos ou a parte dos proxectos afectados pola fraude e financiados ou a financiar polo PRTR
- c) Instrución e resolución das irregularidades que sexan denunciadas
- d) Suspende a tramitación de proxectos nos que se teñan detectados supostos de fraude que non consistan en meras irregularidades administrativas
- e) Modelos para a comunicación aos superiores da existencia dun conflito de interese, que debe resolver por escrito a avaliación da concorrencia dun conflito de interese.

1.3.4. Medidas de Persecución

- a) Establecemento dun protocolo interno a seguir coas denuncias presentadas a través da canle de denuncias e, de ser o caso, dar traslado da denuncia o Consello de Contas, ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude; á OLAF, ou mesmo á Fiscalía ou os tribunais de xustiza segundo proceda.
- b) Establecemento dos órganos que trasladen os feitos afectados por fraude, sospeita de fraude ou das medidas adoptadas ás autoridades decisorias ou a autoridade responsable.
- c) Cando as actuacións detectadas constitúan practicas colusorias contrarias á competencia, remitir a investigación e eventual sanción á Comisión Galega da Competencia.

- d) Inicio dos procedementos de reintegro cando produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións.

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

1.4.1. O Consello da Xunta

O máximo órgano de goberno da comunidade autónoma asume como contido da acción pública un compromiso coa integridade institucional que ten os seus alicerces na aprobación do Código ético institucional no ano 2014, e do Programa de impulso democrático no ano 2015 entre cuxas medidas incluíron a aprobación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que tivo continuidade coa aprobación do Programa marco de integridade institucional e prevención dos riscos de xestión 2021/2024, e que se completa co presente Plan de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude.

Esta política de integridade institucional baséase nun compromiso de cumprimento non só das normas xurídicas, senón tamén das normas e principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, que deben presidir a actuación da Xunta de Galicia como institución e a de todo o persoal que a compón, comezando polas persoas que integran o consello de goberno, que asumen, comparten e lideran este compromiso.

Deste xeito, a Xunta de Galicia promove a asunción e consolidación dunha cultura de integridade e valores éticos de todo o persoal da organización, en todos os niveis, mediante a inclusión de formación específica, configurada como unha ferramenta para a sensibilización en integridade e comportamento ético na organización.

Sobre a base das anteriores manifestacións, a Xunta de Galicia asume unha política de tolerancia cero fronte aos actos contrarios á integridade e coas condutas que poidan incorrer en fraude, co conseguinte compromiso de asunción e cumprimento dos principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, e de establecemento de mecanismos preventivos que consoliden esta cultura de integridade en toda a súa actuación.

1.4.2 As consellerías, os centros directivos e as entidades instrumentais.

As consellerías, os centros directivos e as entidades instrumentais, especialmente aqueles que xestionan fondos do PRTR, asumen o compromiso de aplicar a medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos procesos propios de cada centro directivo ou entidade instrumental, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

O compromiso de cada centro directivo e entidade instrumental coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizarase asinando a proposta de cada un dos plans específicos polo órgano de dirección do mesmo.

O compromiso das Consellerías asúmese mediante a aprobación dun plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude e agrupará todos os plans dos diferentes centros directivos que forman parte da súa estrutura e os das entidades instrumentais adscritas a elas. Tamén corresponden ás consellerías divulgar entre o persoal empregado público os riscos identificados e os mecanismos de detección para que se involucren nun ecosistema de control, e execución das medidas programadas.

1.4.2.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.

Os órganos responsables de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia realizarán a Declaración de xestión prevista no artigo 13 da Orde HFP/1030/2021 coa periodicidade que se determine, e xuntarán a seguinte declaración de cumprimento que se formalizará mediante a súa sinatura.

<<En fecha XXXXXX, este Centro manifiesta que los fondos se han utilizado para los fines previstos y se han gestionado de conformidad con todas las normas que resultan de aplicación, en particular las normas relativas a la prevención de conflictos de intereses, del fraude, de la corrupción y de la doble financiación procedente del Mecanismo y de otros programas de la Unión y de conformidad con el principio de buena gestión financiera.

Asimismo, manifiesta la veracidad de la información contenida en el informe en relación con el cumplimiento de hitos y objetivos, y confirma que no se han revocado medidas relacionadas con hitos y objetivos anteriormente cumplidos satisfactoriamente, atendiendo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 24 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.>>

1.4.2.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos nas consellerías, centros directivos e entidades instrumentais.

As persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstos no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021/2024 velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan xeral de prevención, actuarán como interlocutores cos órganos transversais encargados do cumprimento deste plan e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan. Consonte ao establecido no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021/2024, no perfil destes órganos buscarase a identificación cos responsables da coordinación da xestión da calidade e da transparencia designados en base ao Plan xeral de mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023.

1.4.3. Órganos transversais implicados na integridade

1.4.3.1. Asesoría Xurídica Xeral

Con carácter xeral, correspóndelle á Asesoría Xurídica Xeral, integrada polos letrados da Xunta de Galicia, prestar asistencia xurídica á Administración xeral autonómica e ao sector público autonómico. Nos supostos nos que se esixa pola normativa informe con carácter preceptivo, como sucede respecto dos convenios de colaboración así como nos supostos previstos pola normativa aplicable en materia de contratación e subvencións, o persoal da escala de letrados da Xunta de Galicia deberá realizar o control sobre o cumprimento da normativa aplicable en cada caso.

A maiores, a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, atribúe á Asesoría a participación na elaboración dos plans de prevención de riscos da corrupción que se elaboren polo sector público autonómico. En particular, deberá emitir informe sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código Penal (debe entenderse referido aos plans de prevención de delitos das sociedades e fundacións públicas) con carácter previo á súa remisión ao Consello de Contas de Galicia, e coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre eses plans.

No marco das súas funcións de asistencia xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

1.4.3.2. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Correspóndelle a este órgano efectuar o control interno da actividade económico-financieira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro.

Esta competencia supón exercer a dirección e xestión da contabilidade pública, as actuacións de control financeiro de subvencións e as actuacións de auditoría de fondos comunitarios que lle correspondan, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios e na restante normativa de aplicación.

En particular, en relación cos fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU, segundo o artigo 54.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma configúrase como o órgano de control dos fondos, sen prexuízo das funcións de auditoría nos controis que establezan a Administración xeral do Estado e as institucións europeas.

Correspóndelle, entre outras, á Subdirección Xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións as funcións de: realizar o control financeiro das subvencións; as actuacións de control de fondos comunitarios de conformidade cos regulamentos comunitarios e a

restante normativa de aplicación; e coordinar os informes que deriven das actuacións de control financeiro de subvencións e de fondos comunitarios.

1.4.3.3. Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Ten a competencia dirixir e coordinar as actuacións relativas á planificación, programación e elaboración de orzamentos do sector público autonómico e as competencias en materia de planificación e programación económica, incluída á avaliación estratéxica e financeira dos plans elaborados no seo do sector público autonómico.

No seo na mesma, a Subdirección Xeral de Planificación ten como funcións a elaboración das análises e estudos de actividade económica e o informe de programas e plans sectoriais, transversais ou territoriais. Así mesmo, correspóndenlle o deseño e programación das actuacións que se vaian desenvolver en Galicia no medio prazo, financiadas con recursos procedentes da Unión Europea, tamén ten atribuída a análise estratéxica e programación das intervencións comunitarias, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos e en coordinación cos responsables da Unión Europea, así como coa Administración do Estado e as demais administracións públicas, coa finalidade de que as actuacións que se programen en Galicia garantan a máxima eficacia e eficiencia destas intervencións e aseguren o principio de boa gobernanza.

Segundo o artigo 54.1 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia corresponderá ás direccións xerais con competencias en materia de planificación e orzamentos e de fondos europeos a planificación, programación e xestión da execución dos fondos no marco das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma, e asumirán a condición de autoridades responsables diante da Administración xeral do Estado e das institucións europeas.

1.4.3.4. Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

É competente no exercicio das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen ás autoridades de xestión, organismos intermedios, organismos coordinadores ou organismos equivalentes. Correspóndelle tamén a coordinación das misións de control comunitarias, así como da resposta ás solicitudes de información realizadas por institucións comunitarias, sobre os programas operativos.

No exercicio desas competencias realizará a función de interlocución da Comunidade Autónoma coa Administración xeral do Estado e coas institucións comunitarias e a coordinación da actuación dos organismos xestores da Comunidade Autónoma participantes nos programas operativos. Adicionalmente, pode exercer as funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen aos organismos intermedios das autoridades de certificación.

Ten atribuídas, entre outras funcións, a realización daquelas actuacións en relación coas verificacións de xestión exixidas nos regulamentos comunitarios; a coordinación das auditorías, misións de control ou outras actuacións de control a nivel comunitario, estatal ou autonómico e a elaboración e coordinación dos plans anuais de comprobacións relativas ao mantemento das operacións cofinanciadas polos programas operativos

1.4.3.5. Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Ten atribuídas, entre outras competencias, a de establecer unha política de integridade institucional da Administración autonómica, en colaboración co Consello de Contas de Galicia.

Precisamente esta institución recomenda no punto 2.40 do informe sobre o *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción* cal debe de ser o papel deste centro directivo: *“para avanzar no fortalecemento dos mecanismos de control da integridade parece necesario potenciar o seu papel de órgano de control interno (da DXARA) reforzando a estrutura, potestades e funcións de forma que asuma o papel de órgano impulsor da política preventiva transversal de xestión de riscos de irregularidades e malas prácticas, e a investigación das denuncias sobre a comisión desas irregularidades (canle de denuncias)”*.

No marco desta recomendación, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa colaborará e asistirá ás consellerías no proceso de elaboración dos seus plans de riscos de xestión e de medidas antifraude, cunha especial atención ás entidades e centros directivos que deban realizalo na primeira fase (antes do 30 de decembro). En concreto, nesta primeira facilitaranse modelos e prestarase unha asistencia continua ás distintas entidades no proceso de elaboración dos seus análises de riscos e elaboración dos plans. Así mesmo correspondéranlle as seguintes funcións: actuar como responsable das propostas de actualización do plan de prevención de riscos de xestión; deseñar ou impartir os talleres de autoavaliación de riscos; e promover a execución das medidas previstas no plan.

1.4.3.6. Instrucións conxuntas en desenvolvemento do Plan xeral.

Coa finalidade de adaptar as bases reguladoras de axudas e os pregos de cláusulas de contratación aos requirimentos de nova normativa europea ou estatal, a Intervención Xeral e as Direccións xerais de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos e de Avaliación e Reforma Administrativa poderán ditar instrucións conxuntas relativas a cláusulas ou condicións que deban figurar en aquelas en cumprimento das obrigas ou recomendacións derivadas de ditas normas.

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións que se establecen no presente eixo do Plan xeral de prevención de riscos de xestión son de aplicación a toda a organización e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública, polo tanto no presente epígrafe desenvólvense os elementos comúns respecto á integridade, que son transversais a toda a organización.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética pública e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A adopción dunha declaración institucional de compromiso coa cultura da integridade.

O máximo órgano de goberno da administración da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia, asume unha declaración institucional que constitúe o compromiso de toda a organización coa cultura da integridade que sustenta o exercicio de funcións públicas (anexo 1). Esta declaración integra un compromiso firme de loita contra a fraude baseada nas políticas da Unión Europea e unha firme aposta polos principios de boa xestión na actuación administrativa.

Acción 2.1.2. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos da administración autonómica asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Esta manifestación expresa está implícita na fórmula do xuramento ou promesa que se utiliza na toma de posesión, así como na obriga establecida no artigo 38 da Lei 1/2016,

do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de suxeición ao Código Ético e a súa adhesión.

Con independencia do anterior, cando un alto cargo elabore, ou propoña a aprobación dun plan de riscos de xestión realizará unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional.

[Acción 2.1.3. As referencias á integridade na planificación estratéxica](#)

Os plans e os restantes documentos de planificación elaborados polos diferentes departamentos conterán unha manifestación expresa da súa xestión de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación en cada suposto e, de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención específica ou ben co recurso aos elementos ou riscos e medidas descritos no presente plan.

[Acción 2.1.4. A difusión e a formación en materia de integridade institucional](#)

O presente plan e os restantes instrumentos das políticas de integridade institucional serán difundidos a través do Portal de transparencia da Xunta de Galicia e serán obxecto de inclusión no manual de acollida que se divulgue entre os empregados públicos de novo ingreso.

Periodicamente os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

De conformidade co previsto no artigo 43 (título II) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Lei 1/2016), o réxime aplicable aos conflitos de intereses será o seguinte:.

“1. A persoa que ocupe un alto cargo dos mencionados no ámbito de aplicación deste título deberá evitar, en todo caso, a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades por lle supoñer un beneficio ou un prexuízo.

2. Para estes efectos, consideraranse intereses persoais:

- a) Os intereses propios.
- b) Os intereses familiares, incluíndo os do seu ou da súa cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade, así como os de parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade e do segundo grao de afinidade.
- c) Os das persoas coas cales teña unha cuestión litixiosa pendente.
- d) Os das persoas coas cales teña amizade íntima ou inimidade manifesta.
- e) Os das persoas xurídicas ou entidades privadas nas cales o alto cargo, o seu cónxuxe ou a persoa unida en análoga relación exercen funcións de dirección, asesoramento ou administración nos dous anos anteriores ao nomeamento.
- f) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas ás cales os familiares previstos na alínea b) estean vinculados por unha relación laboral ou profesional de calquera tipo, sempre que esta implique o exercicio de funcións de dirección, asesoramento ou administración.

3. Os altos cargos non poderán ter, en por si ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores a un dez por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.

Para estes efectos, considérase persoa interposta a persoa física ou xurídica que actúa por conta do alto cargo.

No caso en que, de forma sobrevida, se produza a causa descrita neste apartado, o alto cargo deberá notificarllo á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, que deberá informar sobre as medidas que cómpre adoptar para garantir a obxectividade na actuación pública.

4. No suposto de que a persoa que sexa nomeada para ocupar un alto cargo posúa a participación a que se refire o punto anterior, terá que allear ou ceder as participacións e os dereitos inherentes a elas durante o tempo en que exerza o seu cargo, no prazo de tres meses contado desde o día seguinte ao do seu nomeamento. Se a participación fose adquirida por sucesión hereditaria ou outro título gratuito durante o exercicio do cargo, terá que desprenderse dela no prazo de tres meses desde a súa adquisición.

A dita participación e posterior transmisión serán, así mesmo, declaradas aos rexistros previstos no artigo 49 na forma que regulamentariamente se determine”.

De acordo co artigo 44. da mesma lei:

“1. As persoas que ocupen os altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título deberán abster de intervir nos procedementos administrativos que afecten os seus intereses persoais, tal e como están definidos no artigo anterior.

2. Para estes efectos, utilizarán a figura da abstención regulada na normativa básica en materia de procedemento administrativo. Así mesmo, poderán ser recusados nos termos previstos na antedita normativa.

3. A abstención realizarase por escrito para a súa adecuada expresión e constancia, e notificarase á persoa superior inmediata ou, no seu defecto, ao órgano que o ou a nomeou, que resolverá o procedente. No caso de se producir no seo dun órgano colexiado, a abstención constará e incorporarase á acta elaborada pola secretaría. En calquera dos casos, a abstención será comunicada nun prazo máximo dun mes ao Rexistro de Actividades de Altos Cargos para a súa constancia.

4. A persoa que ocupe o alto cargo poderá formular á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas tantas cuestións considere precisas sobre a procedencia da súa abstención en asuntos concretos”.

De conformidade co artigo 46.1 da norma citada, “durante o exercicio do cargo e nos dous anos posteriores ao cesamento, os altos cargos non poderán ter, por si mesmos ou por persoas ou entidades ou empresas interpostas, fondos, activos financeiros ou valores negociables en países ou territorios con cualificación de paraíso fiscal segundo a regulación estatal aplicable”.

De conformidade co réxime sancionador previsto no artigo 54 desta Lei, considérase infracción moi grave “o incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións recollidas no título II, cando se produza dano manifesto á Administración autonómica”.

Así mesmo, considérase infracción grave “o incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións recollidas no título II, cando non se produza dano manifesto á Administración autonómica”.

Sen prexuízo do establecido neste epígrafe, para o caso de eventual conflito de intereses, os altos cargos teñen a obriga de cumprir todas as previsión en materia de réxime de actividades e incompatibilidades establecidas na Lei 1/2016.

Así mesmo, constitúen obrigas dos altos cargos a observancia dos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e as previsións existentes no mesmo Código respecto de regalos, dádivas, mostras de cortesía e atencións protocolarias.

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para altos cargos nos supostos de actuacións financiadas có PRTR.

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervinientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de subvencións ou contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración:

<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación/subvención arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:

Primero. Estar informado/s de lo siguiente:

1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal.»

2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, tiene el fin de evitar cualquier distorsión de la competencia y garantizar la transparencia en el procedimiento y asegurar la igualdad de trato a todos los candidatos y licitadores.

3. Que el artículo 23 «Abstención», de la Ley 40/2015, de 1 octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervenir en el procedimiento «las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente», siendo éstas:

a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.

b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato

c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.

d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.

e) *Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar».*

Segundo. Que no se encuentra/n incurso/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de intereses de las indicadas en el artículo 61.3 del Reglamento Financiero de la UE y que no concurre en su/s persona/s ninguna causa de abstención del artículo 23.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión.

Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de intereses o causa de abstención que dé o pudiera dar lugar a dicho escenario.

Cuarto. Conozco que, una declaración de ausencia de conflicto de intereses que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

(Fecha y firma, nombre completo y DNI)

A verificación de ditas declaracións realizarase no momento da aprobación das bases ou expediente de contratación. A mesma declaración incluírase no momento de aprobación da resolución de concesión ou de adxudicación do contrato.

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas co Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Os funcionarios públicos, e de ser o caso, os restantes empregados públicos que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou da elaboración das prescricións técnicas ou das cláusulas administrativas dos contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do PRTR, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que no apartado anterior. A verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixaran constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos

referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á sinatura da resolución de concesión das axudas ou adxudicación do contrato

2.3. Medidas referidas á canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude.

Acción 2.3.1. Habilitación da canle de denuncias

Con independencia da transposición que debe de realizar a administración do estado da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, e sen prexuízo da capacidade regulatoria que a Comunidade Autónoma poida exercer nesa materia, a Xunta de Galicia porá en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES). A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Acción 2.3.2. Investigación das denuncias

As denuncias presentadas serán obxecto de análise polo persoal funcionario da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, que procederá do seguinte modo:

-Procederase a investigar os feitos denunciados, podendo a tal efecto solicitar información tanto aos órganos administrativos ou entes instrumentais aos que se refira a denuncia presentada como aos órganos transversais que poidan verse afectados pola mesma. No caso de ser necesario, a investigación incluírá unha fase de información reservada.

- Non se dará curso á denuncia recibida cando a mesma estivera manifestamente infundada ou cando a escaseza de información remitida, a descrición excesivamente xenérica ou inconcreta dos feitos ou a falta de elementos de proba subministrados non permitan ao órgano instrutor realizar unha verificación razoable da información recibida e unha determinación mínima do tratamento de deba darse aos feitos comunicados. Tampouco se dará curso ás denuncias que incorran manifestamente en mala fe, ou proporcionando información falsa ou obtida de xeito ilícito. En todos estes casos se procederá ao arquivo da denuncia presentada, facendo constar os motivos do arquivo.

Na xestión da denuncia garantirase en todo momento a confidencialidade dos datos persoais da persoa denunciante así como o seu tratamento anonimizado para garantir a indemnidade do denunciante.

Acción 2.3.3. Tratamento das denuncias

Á vista da investigación realizada, a persoa titular do centro directivo competente en materia de avaliación e reforma administrativa, procederá, segundo corresponda á vista dos feitos acreditados trala investigación e da normativa aplicable, de algún ou algúns dos seguintes xeitos:

- Dará traslado da denuncia e dos resultados da investigación realizada ao órgano administrativo competente para a tramitación do procedemento que proceda, calquera que sexa este, o que inclúe os procedementos disciplinarios, de reintegro ou a suspensión dalgún procedemento sobre o que recaese unha denuncia fundada de irregularidade, así como, de ser o caso, a actualización do correspondente plan de prevención de riscos e medidas antifraude.
- Dará traslado da denuncia ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude, ao Consello de Contas, ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude, á OLAF, ou mesmo a Fiscalía ou aos Tribunais de xustiza segundo proceda.
- Acordará o arquivo da denuncia presentada, facendo constar os motivos do arquivo.

Para adoptar a decisión que proceda sobre o destino da denuncia e da investigación realizada, poderase pedir asesoramento ao Comité de Ética que se configura neste epígrafe.

Acción 2.3.4. O Comité de Ética

Co fin de asesorar sobre o cumprimento da política de integridade, e en especial sobre o tratamento das denuncias por irregularidades, constitúese unha comisión formada por persoas expertas no ámbito da integridade, de recoñecido prestixio, que actuarán de xeito independente prestando asesoramento na xestión das denuncias presentadas. O Comité Ético estará composto por un representante do centro directivo competente en materia de avaliación e reforma administrativa, un representante da Asesoría Xurídica Xeral, un representante da Intervención Xeral da C.A., un representante do Valedor do Pobo e un profesor universitario que imparta grao en dereito. Todos eles serán designados polo Conselleiro con competencias en materia de facenda pública, entre funcionarios públicos, procurando que na súa composición exista paridade de xénero.

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

As medidas de formación son as previstas no Programa Marco de Integridade Institucional do 26 de maio que se desenvolverán coa colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do PRTR.

Acción 2.4.1. Formación específica nos centros directivos que xestionen fondos PRTR

As secretarías xerais, direccións xerais e entes instrumentais, en particular as axencias públicas, poderán solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica, particularmente destinada ao seu persoal que xestione fondos do PRTR, en materia de integridade para os procesos e actividades xestionados polas mesmas.

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE


3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

Acción 3.1.1. Definición de risco e diagnóstico xeral da organización

Defínese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable

No documento de "Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral" elaborado polo Consello de Contas no ano 2019, as actividades susceptibles comúns con máis riscos identificados son a contratación, a xestión de persoal, a área xurídica administrativa a xestión orzamentaria e a área de subvencións. (páx. 44 do informe)

Gráfico 4: Actividades susceptibles comúns con máis riscos identificados



Adicionalmente, o Consello de Contas considera os factores de risco como as circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos, e ten detectado no seu diagnóstico os seguintes:


- Insuficiencia de persoal ou a súa cualificación é inadecuada.
- Realización por unha mesma unidade dunha ampla variedade de operacións.
- Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a corrupción.
- Inexistencia de manuais de procedementos ou falta de actualización.
- Inadecuación ou debilidade dos mecanismos internos de supervisión.
- Actividades con alto grao de discrecionalidade.
- Falta de experiencia ou de formación na xestión de riscos.

Polo que respecta a identificación e valoración de riscos, cómpre ter en conta os que na organización poden potencialmente supoñer incumprimentos ou obstaculizar ou retrasar o logro dos obxectivos establecidos para o conxunto da organización.

Segundo o mesmo diagnóstico do Consello de Contas, a gradación dos riscos que determina a extensión con que estes poden afectar ao cumprimento dos obxectivos, realízase desde a dobre perspectiva da probabilidade de ocorrencia e do impacto do seus efectos.

Do traballo realizado conclúese que, con respecto á probabilidade e ao impacto, os riscos con maiores elementos de carácter moderado correspóndense coa contratación administrativa e a área de subvencións.

Gráfico 5: Gradación de riscos



Estas conclusións sobre a avaliación dos riscos elaboradas polo Consello de Contas son compartidas pola organización, que considera que os riscos de maior probabilidade e impacto poderían acontecer especificamente na área de subvencións e contratación.

Por outra banda, eses dous grandes ámbitos da actividade administrativa son aqueles sobre os que a normativa europea ten realizado maiores propostas de políticas antifraude.

Tendo en conta que a primeira fase de implantación do plan está supeditada ás previsións da Orde HFP/1030/2021 e que boa parte dos fondos do PRTR serán precisamente xestionados mediante o recurso a actividade de fomento a través de axudas e subvencións e a través da realización de investimentos mediante a contratación de obras e servizos, os riscos sobre os que cómpre facer maior fincapé son precisamente os que poidan acontecer nestas dúas áreas.

A presente avaliación está dirixida aos procesos clave do conxunto da organización e particularmente a aqueles que se consideran máis vulnerables. Os criterios como a relevancia na organización deste tipo de actividades ou o consumo de recursos, especialmente nos proxectos financiados co PRTR foron considerados para identificar os procesos clave.

[Acción 3.1.2. Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización.](#)

De conformidade coas conclusións do mencionado estudio de Diagnóstico e co documento técnico "Catálogo de riscos por áreas de actividade", aprobado tamén polo Consello de Contas, os riscos que potencialmente poden afectar ás áreas de subvención e contratación do conxunto da organización, entendida como a Administración xeral da Xunta e os seus entes instrumentais, son os que figuran no seguinte cadro.

A carón dos riscos diagnosticados figuran as medidas xerais da organización, avaliadas pola doutrina e pola práctica, que poden evitar o minimizar o impacto e probabilidade do riscos xerais.

Tipo de risco	Risco	Ámbito	Medidas que minoran o risco bruto
Suxeición normativa	Risco de concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación da normativa de subvencións	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Compromiso de sometemento á normativa de subvencións • Revisión de bases por Asesoría Xurídica e Intervención • Uso de modelos harmonizados
Risco de conflitos de intereses	Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración de ausencia de conflitos de intereses en tódolos membros das mesas de contratación • Regulación nas bases do procedemento en caso de detección de conflito de intereses • Exclusión das mesas de contratación do persoal que elabora as prescricións técnicas
	Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración de ausencia de conflitos de intereses en tódolos membros das comisións de valoración • Regulación nas bases do procedemento en caso de detección de conflito de intereses • Comisións de valoración con presenza non exclusiva de membros do órgano concédente
	Risco de adjudicación directa irregular mediante uso indebido da contratación menor	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Sistema de alertas que informen da concentración de contratos en provedores. • Comprobación polas Intervencións Delegadas de indicios de fraccionamento • Establecemento de bandeiras vermellas cando a contratación menor supere 5 contratos ao longo dun mesmo exercicio cun mesmo provedor • Revisión periódica de concentración de contratos en provedores
	Risco de especificacións pactadas para favorecer a determinados licitadores	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Verificación de especificacións por oficinas de supervisión, intervencións delegadas, ou de ser o caso por entidades independente
	Risco de manipulación de ofertas	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Exclusión das mesas de contratación do persoal que elabora as prescricións técnicas

Tipo de risco	Risco	Ámbito	Medidas que minoran o risco bruto
	Risco de ampliación de contratos existentes para evitar a licitación	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Uso xeralizado da ferramenta SILEX e dos sistema de encriptación de ofertas • Aprobación prevista nos pregos da posibilidade de ampliación ou prorrogas de contratos • Revisión por asesoría xurídica e intervención • Aprobación por instancia superior ao propoñente
Risco de pagamentos inxustificadas	Risco de non esixir responsabilidades por incumprimentos contractuais	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Previsión nos pregos de cláusulas que permitan a aplicación de penalidades automáticas nos casos de incumprimentos
	Risco de realizar pagamentos de prestacións facturadas que non se axustan ás condicións estipuladas no contrato	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Garantir unha axeitada segregación de funcións de forma que a persoa encargada de pagar as facturas non sexa a mesma que presta a conformidade sobre o cumprimento das condicións estipuladas no contrato
	Risco de non detectar alteracións da prestación contratada durante a execución	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Designar unha persoa responsable do contrato que reúna garantías de independencia respecto do contratista e con cualificación técnica axeitada para exercer a correcta supervisión do contrato Preferentemente serán empregados públicos da propia administración con coñecementos especializados na materia
	Risco de recibir prestacións deficientes ou de calidade inferior ás ofrecidas polo adxudicatario	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Deixar constancia no expediente, a través dun informe técnico ou na propia acta de recepción, dun pronunciamiento expreso sobre o cumprimento daquelas características da prestación que se contemplaron na adxudicación do contrato (melloras, condicións especiais de execución,...)
	Risco de valoración das ofertas incursas en baixa	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Informes motivados sobre baixas temerarias
	Risco de determinación dun prezo non axustado ao mercado nos contratos de adxudicación directa	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Especificar nos pregos eses parámetros obxectivos en función dos cales se considera que a proposición non pode ser cumprida
	Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes á aquelas para os que foron concedidos	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobacións sobre o terreo
Risco de fraude	Risco de vulneración do segredo das proposicións ou alteración das ofertas	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Emprego da licitación electrónica

Tipo de risco	Risco	Ámbito	Medidas que minoran o risco bruto
	con posterioridade á súa presentación		
	Risco de información privilexiada a determinadas empresas sobre as contratacións que se prevén realizar	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Publicación no perfil do contratante da planificación das contratacións que cada centro xestor prevé realizar ao longo do exercicio
	Risco de trato de favor a determinado/s licitador/es mediante o establecemento das prescricións técnicas, criterios de solvencia ou criterios de adxudicación	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Verificación de especificacións por oficinas de supervisión, intervencións delegadas, ou de ser o caso por entidades independente
Risco de colusión	Risco de non detección de prácticas anticompetitivas ou colusorias	Contratación	<ul style="list-style-type: none"> • Esixencia de traslado do expediente á Comisión Galega da Competencia cando a Mesa de contratación estime que existen indicios fundados de colusión
Risco de admitir información falsa	Risco de falseamento na información presentada polos solicitantes de axudas	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes
	Riscos de ocultación de información con obriga de remitir á administración	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Comprobación de información de BD de organismos públicos e rexistros mercantís
	Riscos de facturas falsas	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación mediante cruces de BD • Inspección sobre o terreo • Verificacións de documento electrónico
Riscos de sobre financiamento	Riscos de costes laborais falsos	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Cotexo de facturas con contratos e nóminas e tempo de traballo • Fixación dun límite ao importe de gastos de persoal subvencionados
	Costes laborais prorrateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar prorrateos e cruzar datos de distintos proxectos
	Costes reclamados en traballo de insuficiente calidade	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitude de probas adicionais
	Risco de dobre financiamento	Subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobacións cruzadas de bases de datos

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro directivo e entidade instrumental.

Con independencia dos riscos xerais diagnosticados para o conxunto da organización cada centro directivo e entidade instrumental deberá elaborar o seu plan específico de prevención de riscos e medidas antifraude de acordo coas seguintes previsións:

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

Dun xeito semellante ao realizado neste plan para a avaliación dos riscos xerais aplicados ao conxunto da organización, cada centro directivo e entidade instrumental proporá a aprobación do seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

Definirase o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes.

A cuantificación do risco basearase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter) dende os puntos de vista financeiro e non financeiro. Para asegurar a coherencia da avaliación cando se determine a probabilidade do risco debe establecerse nun horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco medirase de acordo coa seguinte puntuación:

Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos
2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo, un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico
4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

A probabilidade do risco medirase de acordo coa seguinte puntuación:

Puntuacións	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente nalgún momento
3	É moi probable que aconteza
4	Acontecerá con frecuencia

A cuantificación do risco e o resultado de aplicar ambas valoracións coa seguinte valoración:

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 8 e 16	Risco grave (vermello)

As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de atenuación de riscos de contratación e subvencións que figuran neste plan. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, cada centro directivo e entidade instrumental propondrá as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.

Así, o centro directivo ou entidade instrumental valorará as medidas de -1 a -4 en función de que minimicen o impacto do risco ou de -1 a -4 en función de que minimicen a probabilidade de que aconteza o risco.

Definirase o risco neto como aquel nivel de risco resultante de aplicar os valores negativos das medidas e da súa eficacia.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

En consecuencia o risco neto será o derivado das seguintes operacións:

Riscos	Valor probab.	Valor gradivid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas			Valoración de risco
				N1	N2	N3	
Risco 1	7	5	6,0	X			Risco importante
Risco 2	4	8	6,0			X	Risco aceptable
Risco 3	1	6	3,5			X	Risco aceptable

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Con todo, este plan acoutará a análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza puidesen ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto serán baixos.

A soa identificación de moitos "riscos" menores podería paralizar á dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas. Parece, polo tanto, máis adecuado concentrarse nun número limitado de riscos, os máis relevantes e urxentes.

Acción 3.2.2. Aprobación do plan de prevención de riscos e medidas antifraude de cada centro directivo e entidade instrumental.

Cada centro directivo e entidade instrumental elevará a súa proposta de plan específico de prevención para ser aprobado pola persoa titular da consellería á que estea adscrito. O plan, ademais das propias do centro directivo ou da entidade instrumental, poderá incluír as medidas xerais e as declaracións que se relacionan no presente plan xeral de prevención.

Para estes efectos, os centros directivos e entes instrumentais poderán acollerse ao modelo que se inclúe como anexo 2 deste plan xeral del prevención.

Os plans de cada consellería estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais e serán aprobados pola persoa titular da consellería. A

incorporación de mais centros directivos ou entes suporá a modificación, por addenda do plan de prevención de riscos da consellería.

Unha vez aprobados os plans serán remitidos á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para a súa publicación no portal de transparencia e remisión ao Consello de Contas.

Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

Os centros directivos que xestionen expedientes de subvencións ou contratación que sexan financiados con fondos PRTR incluírán en cada un dos expedientes unha folla de verificación na se se incluírán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita.

Esta verificación servirá de base para asinar a declaración sinalada no punto 1.4.2.1. que realizarán os titulares das Secretarías Xerais Técnicas.

A lista incluírá as seguintes verificacións:

Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación e subvencións	Disponse dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude ?	4
Contratación e subvencións	Disponse dunha declaración ao máis alto nivel de loita contra a fraude ?	4
Contratación e subvencións	O plan de prevención é coñecido polo persoal que tramita o expediente ?	1-4
Contratación e subvencións	Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización ?	4
Contratación e subvencións	O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos ?	1-4
Contratación e subvencións	O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade ?	1-4

Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora as bases de subvención?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a comisión de baremación	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable da convocatoria e resolución das subvencións?	1-4
Subvencións	Nas bases inclúense medidas para evitar o dobre financiamento?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas da contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable que aproba a contratación?	1-4
Contratación e subvencións	Existe unha canle para presentar denuncias ?	4
Contratación e subvencións	O centro directivo/entidade instrumental dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas ?	4
Contratación e subvencións	Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas ?	4
Contratación e subvencións	Cando se detecta un fraude avalíase e propóñense medidas?	1-4

Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A súa verificación polo órgano xestor ou por órganos transversais, como os letrados no exercicio da súa función de verificación, ou no seu caso polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan de prevención do centro directivo ou entidade instrumental e a implantación ou modificación das medidas establecidas no mesmo.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación.	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos ou servizos do contratista gañador;	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores;	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares;	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables;	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, con obras ou servizos similares ou promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Auditoría
Conflicto de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un provedor	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dúbidasas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fracionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adxudicación directa ou dos limiares de publicidade ou que exirían procedementos con maiores garantías de concorrancia;	Anual	Auditoría
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de limitación da concorrancia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor

que foron concedidos (desviación de obxecto)			
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto Varios cofinanciadores que financian a mesma operación Non existe documentación soporte das achegas realizadas por terceiros Financiamento non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor
Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

Os centros directivos e entidades instrumentais deben realizar un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor pode ser efectuada pola persoa ou unidade do responsable da integridade e prevención de riscos.

O seguimento debe realizarse anualmente e basease nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e altos cargos das unidades que xestionan ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e mecanismos de control.

Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.

No marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco ben polo órgano xestor como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas por órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.

Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción a organización debe analizar os feitos ocorridos e determinar as modificacións que deben realizarse na estruturas e procesos de control.

Do exame das modificacións ou avaliacións realizados polos centros directivos e entidades instrumentais poderase analizar a necesidade de introducir novas medidas ou modificar o plan xeral.

4.2. Actualización e revisión

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas perante o órgano xestor das que se poidan derivar indicios de irregularidades ou melloras que se poidan implantar nos procedementos procederase a unha actualización dos plans de prevención.

Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan xeral de prevención difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións ou contratación.

Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Para o persoal de novo ingreso o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude será un dos contidos obrigatorios que debe de figurar no manual de acollida.